PLENO DO PARLAMENTO

21 de febreiro de 2017
10.00 horas

Servizo de Asistencia Parlamentaria

PARLAMENTO DE GALICIA

ÍNDICE

Páx.

Convocatoria do Pleno 1
Relación de membros da Cámara 7
Listado para votación 9

Punto 1.Solicitude de creación de comisión de investigación 12

A proposta dos grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, sobre as causas do accidente ferroviario de Angrois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia (doc. núm. 4229, 10/SCI-000003) 13
Publicación da solicitude de creación, BOPG n.º 58, do 02.02.2017 14

2. Comparecencias 18

2.1 1132 (10/CPP-000003)
Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016 19

2.2 1134 (10/CPP-000005)
Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016 21

Acumúlase na anterior a seguinte:

2.3 4878 (10/CPP-000015)
Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición dos GG.PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos feitos producidos na Unidade Psiquiátrica do Hospital de Conxo 23

3. Mocións 25

3.1 4879 (10/MOC-000014)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a actuación que debe levar a cabo en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 3797, publicada no BOPG n.º 53, do 26.01.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017) 26

3.2 4883 (10/MOC-000015)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 1318, publicada no BOPG n.º 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017) 29

3.3 4903 (10/MOC-000016)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 1429, publicada no BOPG n.º 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)..... 33

4. Proposicións non de lei..... 37

4.1 353 (10/PNP-000002)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroaliaxes, así como a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016..... 38

4.2 1846 (10/PNP-000178)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 8 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia, dun informe respecto do posible impacto do "Brexit" na economía galega e nos seus sectores produtivos.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016..... 42

4.3 2506 (10/PNP-000233)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Puy Fraga, Pedro e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a consolidar o recurso das casas niño.
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 36, do 28.12.2016..... 46

4.4 3051 (10/PNP-000268)
Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas ditadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 48, do 19.01.2017..... 50

4.5 3765 (10/PNP-000309)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a aplicación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017..... 56

4.6 4209 (10/PNP-000345)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva

Sobre a apertura polo Goberno galego dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais do eido sanitario para recuperar os acordos acadados no ano 2008 en relación coas condicións laborais e retributivas do persoal do Sergas.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017..... 60

4.7 4271 (10/PNP-000348)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de desbloquear a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017..... 63

4.8 4411 (10/PNP-000363)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión da Dirección Xeral de Tributos, do Ministerio de Facenda, de suprimir a exención do IVE para os servizos que prestan as e os profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017..... 69

5. Interpelacións 72

5.1 1510 (10/INT-000060)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os compromisos asumidos polo Goberno galego no Pacto local.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21, do 29.11.2016.....73

5.2 4095 (10/INT-000148)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para afrontar problemas relacionados coa violencia no deporte.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017.....76

5.3 4113 (10/INT-000151)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co peche da venda ao público de billetes e do servizo de atención ao viaxeiro en diversas estacións de ferrocarril.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017.....80

6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.....83

6.1 4945 (10/POPX-000016)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co anuncio da consolidación da venda pola empresa Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas no río Xallas e a súa posible incidencia no emprego da Costa da Morte.....84

6.2 4991 (10/POPX-000017)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación dos efectos da situación laboral no Sergas na asistencia sanitaria.....86

6.3 5086 (10/POPX-000018)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis

Sobre o sufrimento que están a provocar os recortes en materia sanitaria.....88

7. Preguntas ao Goberno.....90

7.1 2660 (10/POP-000250)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia da estación intermodal no concello de Vigo.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017.....91

7.2 4269 (10/POP-000539)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as razóns do aumento rexistrado en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 09.02.2017.....94

7.3 5084 (10/PUP-000057)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante do anuncio de venda pola empresa Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas.....98

7.4 3858 (10/POP-000471)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a apertura do Museo dos Viños de Galicia na reitoral de Santo André de Camporredondo, no concello de Ribadavia.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 58, do 02.02.2017.....102

7.5 3982 (10/POP-000500)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir a titularidade e o uso civil do Panteón de Galegos Ilustres.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 58, do 02.02.2017.....105

7.6 3470 (10/POP-000409)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da realización dunha análise para a introdución de cambios no actual proceso de contratación do servizo integral de helicópteros e brigadas para a prevención e defensa contra os incendios forestais e na prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra eles durante os anos 2017 e 2018.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017.....109

7.7 4974 (10/PUP-000053)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas concretas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para conter e erradicar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca 115

7.8 5073 (10/PUP-000055)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Salgado, Carlos e 6 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coa presenza da praga de Tecia Solanivora ou couza guatemalteca que está a afectar a pataca..... 119

7.9 5017 (10/PUP-000054)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para controlar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca 122

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
14 FEB. 2017
Núm. 1476

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 21 de febreiro de 2017, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 14 de febreiro de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Solicitude de creación de comisión de investigación

A proposta dos grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, sobre as causas do accidente ferroviario de Angrois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia (doc. núm. 4229, 10/SCI-000003).
Publicación da solicitude de creación, BOPG n.º 58, do 02.02.2017

Punto 2. Comparecencias

2.1 1132 (10/CPP-000003)
Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016

2.2 1134 (10/CPP-000005)
Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016

Acumúlase na anterior a seguinte:

2.3 4878 (10/CPP-000015)
Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición dos GG.PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos feitos producidos na Unidade Psiquiátrica do Hospital de Conxo

Punto 3. Mocións

3.1 4879 (10/MOC-000014)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a actuación que debe levar a cabo en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz. (Moción, a consecuencia da

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
14 FEB. 2017
Núm. 1476

Interpelación n.º 3797, publicada no BOPG n.º 53, do 26.01.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

3.2 4883 (10/MOC-000015)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 1318, publicada no BOPG n.º 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

3.3 4903 (10/MOC-000016)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 1429, publicada no BOPG n.º 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 353 (10/PNP-000002)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Toja Suárez, María Dolores
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroaliaxes, así como a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016

4.2 1846 (10/PNP-000178)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 8 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia, dun informe respecto do posible impacto do "Brexit" na economía galega e nos seus sectores produtivos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016

4.3 2506 (10/PNP-000233)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Puy Fraga, Pedro e 7 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a consolidar o recurso das casas niño
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 36, do 28.12.2016

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
14 FEB. 2017
Núm. 1476

4.4 3051 (10/PNP-000268)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas ditadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 48, do 19.01.2017

4.5 3765 (10/PNP-000309)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a aplicación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017

4.6 4209 (10/PNP-000345)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a apertura polo Goberno galego dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais do eido sanitario para recuperar os acordos acadados no ano 2008 en relación coas condicións laborais e retributivas do persoal do Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017

4.7 4271 (10/PNP-000348)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de desbloquear a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017

4.8 4411 (10/PNP-000363)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión da Dirección Xeral de Tributos, do Ministerio de Facenda, de suprimir a exención do IVE para os servizos que prestan as e os profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
14 FEB. 2017
Núm. 1476

Punto 5. Interpelacións

5.1 1510 (10/INT-000060)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre os compromisos asumidos polo Goberno galego no Pacto local
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21, do 29.11.2016

5.2 4095 (10/INT-000148)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para afrontar problemas relacionados coa violencia no deporte
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017

5.3 4113 (10/INT-000151)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co peche da venda ao público de billetes e do servizo de atención ao viaxeiro en diversas estacións de ferrocarril
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.1 4945 (10/POPX-000016)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co anuncio da consolidación da venda pola empresa Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas no río Xallas e a súa posible incidencia no emprego da Costa da Morte

6.2 4991 (10/POPX-000017)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a avaliación dos efectos da situación laboral no Sergas na asistencia sanitaria

6.3 5086 (10/POPX-000018)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre o sufrimento que están a provocar os recortes en materia sanitaria

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAIDA
14 FEB. 20..
Núm. 1476

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 2660 (10/POP-000250)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis
Sobre a execución pola Xunta de Galicia da estación intermodal no concello de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017

7.2 4269 (10/POP-000539)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e 13 máis
Sobre as razóns do aumento rexistrado en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 09.02.2017

7.3 5084 (10/PUP-000057)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 13 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante do anuncio de venda pola empresa Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas

7.4 3858 (10/POP-000471)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a data prevista polo Goberno galego para a apertura do Museo dos Viños de Galicia na reitoral de Santo André de Camporredondo, no concello de Ribadavia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 58, do 02.02.2017

7.5 3982 (10/POP-000500)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir a titularidade e o uso civil do Panteón de Galegos Ilustres
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 58, do 02.02.2017

7.6 3470 (10/POP-000409)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da realización dunha análise para a introdución de cambios no actual proceso de

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
14 FEB. 2017
Núm. 1476

contratación do servizo integral de helicópteros e brigadas para a prevención e defensa contra os incendios forestais e na prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra eles durante os anos 2017 e 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017

7.7 4974 (10/PUP-000053)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as medidas concretas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para conter e erradicar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca

7.8 5073 (10/PUP-000055)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Gómez Salgado, Carlos e 6 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coa presenza da praga de Tecia Solanivora ou couza guatemalteca que está a afectar a pataca

7.9 5017 (10/PUP-000054)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para controlar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Asinado dixitalmente por:
Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 14/02/2017 17:51:10

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

RELACIÓN DE MEMBROS DE
PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Magdalena Barahona Martín	EM
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Carlos Enrique López Crespo	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Juan José Merlo Lorenzo	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia
X Lexislatura

(actualizada 06 de febreiro de 2017)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Álvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	P			
4. Balseiros Guinarte, Silvestre José	P			
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
6. Barahona Martín, Magdalena	EM			
7. Blanco Paradelo, Moisés	P			
8. Blanco Rodríguez, Noela	S			
9. Cal Ogando, Marcos	EM			
10. Casal Vidal, Francisco	EM			
11. Castiñeira Broz, Jaime	P			
12. Chao Pérez, Luca	EM			
13. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	EM			
14. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
15. Egerique Mosquera, Teresa	P			
16. Fernández Fernández, Raúl	S			
17. Fernández Gil, César Manuel	P			
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
19. Fernández Prado, Martín	P			
20. García Míguez, María Angeles	P			
21. Gómez Salgado, Carlos	P			
22. González Vázquez, José	P			
23. Lago Peñas, José Manuel	EM			
24. López Crespo, Carlos Enrique	P			
25. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
26. Merlo Lorenzo, Juan José	EM			
27. Moreira Ferro, Jacobo	P			
28. Mouriño Villar, Antonio	P			
29. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
30. Novo Fariña, María Isabel	P			

31. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
32. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
33. Pazos Couñago, José Alberto	P			
34. Pérez Seco, José Manuel	S			
35. Pierres López, María Luisa	S			
36. Pontón Mondelo, Ana Belen	BNG			
37. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
38. Prado del Río, Paula	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quinteiro Araújo, Paula	EM			
42. Quiroga Díaz, José Antonio	S			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Trenor López, Gonzalo	P			
59. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	P			
60. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
61. Vázquez Verao, Paula	EM			
62. Vega Pérez, Daniel	P			
63. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
64. Villares Naveira, Luís	EM			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA				
65. Quintana Carballo, Rosa María	P			
66. Rey Varela, José Manuel	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. Mato Otero, Beatriz	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			
DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO				
71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

1. Solicitude de creación de comisión de investigación

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

1. A proposta dos grupos parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, sobre as causas do accidente ferroviario de Angrois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia (doc. núm. 4229, 10/SCI-000003).

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

1. 4229(10/SCI-000003)

   Grupo Parlamentario de En Marea

   Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

   Solicitude de constitución dunha Comisión de Investigación sobre as causas do accidente ferroviario de Angrois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia.

   Publicación da solicitude de creación, 58, 02.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 13:28
Nº Rexistro: 4229
Data envio: 30/01/2017 13:28:28.607

Á MESA DO PARLAMENTO

Os Grupos Parlamentarios de **En Marea** , e do **Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 52 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Solicitude de constitución dunha Comisión de Investigación sobre as causas do accidente ferroviario de Angrois, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galiza.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- O terrible accidente ferroviario do 24 de xullo de 2013 en Angrois, os irreparables danos persoais, así como a grandeza solidaria e humanitaria do pobo galego en xeral, comezando pola xente de Angrois en primeiro lugar, o traballo, compromiso e dedicación do persoal ao servizo da Administración, do persoal voluntario, quedarán para sempre na lembranza colectiva do noso País e na súa propia historia.

Mais tamén os poderes públicos quedan por todo elo especialmente obrigados a investigar as causas e depurar as responsabilidades de todo tipo ás que houbera lugar. O acontecido, desgraciadamente, non ten volta atrás, pero é unha obriga legal, ética e de compromiso público que por parte das institucións se proceda a realizar todas cantas medidas, actividades e actuacións poidan contribuír a evitar que accidentes desta natureza se poidan reproducir no futuro.

O Parlamento de Galiza, como máxima expresión e representación política do pobo galego, debe estar especialmente obrigado a investigar as causas deste accidente, así como o estado xeral de seguridade da rede de alta velocidade, tanto da actualmente operativa como da prevista no futuro. Dito labor investigador é plenamente compatible coa que poidan e deban desenvolver tanto a administración ferroviaria (ADIF-Renfe) como a que sexa obxecto do procedemento penal en curso.

2.- As persoas afectadas polo accidente e o conxunto da cidadanía galega esixen e precisan coñecer as causas do accidente, e tamén a situación real das condicións de seguridade da rede de alta velocidade na Galiza. Moito máis cando os datos que se van coñecendo amosan claramente as deficiencias das medidas activas e pasivas de seguridade e control das mesmas, así como do propio

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 13:28
Nº Rexistro: 4229
Data envio: 30/01/2017 13:28:28 607

deseño da rede e das súas condicións materiais e técnicas (plataforma, vehículos, medidas de seguridade, etc) .

O desgraciado accidente acontecido recentemente en Porriño acrescenta esta necesidade de anticiparse avaliando a situación da seguridade das vías férreas en Galiza.

Será obxecto da Comisión determinar si a infraestrutura estaba e está dotada de todos os sistemas e elementos proxectados e obxecto de concurso e adxudicación, se o mantemento destes era óptimo e axustado ás condicións establecidas e se estaban plenamente operativos e en funcionamento.

3.- O discorrer do tempo e as novidades que xorden como o informe da Axencia Europea do Ferrocarril censurando a composición da CIAF como comisión independente para estudar o accidente, e as novidades que se van coñecendo das instrucións xudiciais fan máis preciso aínda a creación da Comisión de Investigación no Parlamento Galego.

4.- É preciso esclarecer as responsabilidades penais se as houbera, pero tamén as políticas, e estas teñen o seu ámbito de determinación e depuración no Parlamento.

Por todo elo, os Grupos Parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego solicitan a inclusión na Orde do Día e a adopción polo Pleno do Parlamento do seguinte ACORDO :

O Pleno do Parlamento de Galiza, de conformidade co previsto no art. 52 do seu Regulamento, acorda a constitución dunha Comisión Parlamentaria de Investigación sobre as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois-Santiago o 24 de xullo de 2013, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galiza.

Galiza, 30 de xaneiro de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 13:28
Nº Rexistro: 4229
Data envio: 30/01/2017 13:28:28.607

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2017 11:52:21

Luis Villares Naveira na data 30/01/2017 13:22:29

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2. Comparecencias en pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 1132(10/CPP-000003)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 NOV. 2016
Núm. 1132

CEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 NOV. 2016
SAÍDA
Num. 1112

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Economía, Emprego e Industria para informar **"das liñas xerais de actuación do seu departamento".**

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2.2 1134(10/CPP-000005)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
14 NOV. 2016
Núm. 1134

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
14 NOV. 2016
SAÍDA
Num. 1119

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Sanidade para informar **"das liñas xerais de actuación do seu departamento".**

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

2.3 4878(10/CPP-000015)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. conselleiro de Sanidade do Goberno galego, por petición do G.P. de En Marea, do G.P. dos Socialistas de Galicia e do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta dos feitos producidos na Unidade Psiquiátrica do Hospital de Conxo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 12:32
Nº Rexistro: 4878
Data envio: 10/02/2017 12:32:48.273

Á Mesa do Parlamento

Os **Grupos Parlamentares de En Marea, dos Socialistas de Galicia** e do **Bloque Nacionalista Galego,** ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno** do **Conselleiro de Sanidade do Goberno galego** diante dos gravísimos feitos que acaban de producirse na Unidade Psiquiátrica do Hospital de Conxo.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira
Portavoz do G.P. de En Marea
Xoaquín Mª Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 10/02/2017 11:18:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/02/2017 11:59:46

Ana Pontón Mondelo na data 10/02/2017 12:32:18

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 4879(10/MOC-000014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e a actuación que debe levar a cabo en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.° 3797, publicada no BOPG n.° 53, do 26.01.2017, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 12:41
Nº Rexistro: 4879
Data envio: 10/02/2017 12:41:07.226

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 8 de febreiro, sobre a política do Goberno galego en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz (doc. núm. **3797**, [**10/INT-000134]**).

Moción

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a :

1.- Demandar do Goberno do Estado unha racionalización da fiscalidade sobre a enerxía, de xeito que se rebaixe o tipo do IVE no consumo doméstico de electricidade do actual tramo máis alto do 21% ao superreducido do 4% e se revisen o Imposto Especial de Electricidade e o Imposto sobre o Valor da Enerxía Eléctrica.

2.- Demandar do goberno do Estado a modificación da Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que:

- Se supriman os suplementos territoriais mediante os que se pretende que os consumidores dun territorio abonen totalmente o sobrecusto provocado por tributos propios das CCAA ou recargas sobre os tributos estatais (caso de, por exemplo, o canon eólico en Galiza).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 12:41
Nº Rexistro: 4879
Data envio: 10/02/2017 12:41:07.226

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

3.- Elaborar un estudo para o desenvolvemento e implantación dunha tarifa eléctrica galega como territorio excedentario canto á produción de electricidade que poida reverter nuns mellores prezos para as consumidoras domésticas e para as empresas do noso país."

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/02/2017 12:38:56

Ana Pontón Mondelo na data 10/02/2017 12:39:02

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 4883(10/MOC-000015)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa pobreza enerxética. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 1318, publicada no BOPG n.º 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 13:28
Nº Rexistro: 4883
Data envio: 10/02/2017 13:28:08.976

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea,** por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente, **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **1318 (10/INT-0000046),** debatida na sesión plenaria do 7 de febreiro de 2017, sobre a política do Goberno galego en materia de pobreza enerxética.

MOCIÓN

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a que adopte todas medidas conducentes a asegurar que as axudas para garantir o subministro eléctrico aos galegos e galegas cheguen a todas e todos aqueles que o precisen, nomeadamente as seguintes :

1) Modificación da "Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o pagamento de parte da factura eléctrica a través do tícket eléctrico social de Galiza" ampliando os criterios para ser beneficiarios no seguinte senso:

a) "As subvencións reguladas por estas bases terán por obxecto subvencionar parte da factura eléctrica ás unidades de convivencia cuxos ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,8 veces o IPREM (11.502,23 €/ano). Non será necesario para ser beneficiario que en ditas unidades convivan menores ou discapacitados"

b) "A contía da subvención será unha cantidade fixa de 240 € ao ano para as unidades de convivencia que cumpran os requisitos e de 350 € ao ano para as que acrediten ser, ademais, familia numerosa"

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 13:28
Nº Rexistro: 4883
Data envio: 10/02/2017 13:28:08.976

2) Modificación da "Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de subministración eléctrica e de gas ás persoas economicamente máis vulnerables, en réxime de concorrencia non competitiva" ampliando os criterios para ser beneficiarios ou beneficiarias no seguinte senso:

a) Poderán solicitar esta axuda as persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia cuxos ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,5 veces o IPREM (9.585,19 €/ano) e teñan facturas de electricidade ou gas natural pendentes de pagamento despois da data límite de pagamento, xa teñan ou non a subministración interrompida.

b) Os gastos subvencionables serán o 100 % do importe das facturas de electricidade ou gas natural (IVE incluído) correspondentes á vivenda habitual do solicitante, que estean pendentes de pagamento na data da solicitude e xa transcorrera a data límite de pagamento, emitidas por unha comercializadora de electricidade ou gas natural que teña asinado un protocolo de colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria para evitar os cortes de subministración. Deberá facerse unha solicitude por cada factura, cun límite máximo de 3 facturas/ano por solicitante e importe máximo de 240 €/ano por solicitante.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e voceiro suplente do G.P de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 13:28
Nº Rexistro: 4883
Data envio: 10/02/2017 13:28:08.976

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 10/02/2017 13:27:03

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 4903(10/MOC-000016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 1429, publicada no BOPG n.º 21, do 29.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 07.02.2017)

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 17:07
Nº Rexistro: 4903
Data envio: 10/02/2017 17:07:04.955

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substantivar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 6 de febreiro de 2017, sobre a política do Goberno galego en materia de emprego público (doc. núm. 1429).

Moción

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, a que no novo escenario de recuperación económica anunciado polo Goberno galego para 2017, retome o diálogo social e a negociación colectiva no sector público autonómico para acadar un p*acto polo emprego e a calidade dos servizos públicos para o período 2017-2020* coas seguintes medidas:

1º) Establecer na maior brevidade coas organización sindicais un calendario de traballo concreto da Mesa xeral de negociación e das correspondentes mesas sectoriais de empregados públicos para adoptar os necesarios acordos nas seguintes materias:

a) Un plan de oferta de emprego público para o período 2017-2020 que permita recuperar as taxas de emprego estable perdido no período 2009-2016, impulsando as medidas precisas para a supresión da taxa de reposición de efectivos.

b) Un calendario previsible para a execución e finalización dos procesos de consolidación de emprego temporal, funcionarización e promoción interna (vertical e horizontal) que permita estabilizar o emprego público autonómico e impulse a súa carreira profesional.

c) Reforzar os programas formativos da Escola Galega de Administración Pública para a identificación e o reforzo de itinerarios profesionais, a formación en competencias, así como para o apoio á promoción interna.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 17:07
Nº Rexistro: 4903
Data envio: 10/02/2017 17:07:04.955

d) Levantar a suspensión da aplicación dos artigos do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia afectados pola Lei 1/2012, do 29 de febreiro.

e) Adoptar as medidas necesarias para suprimir a penalización económica nas situacións de incapacidade temporal.

f) A recuperación progresiva dos acordos retributivos 2008-2012 suspendidos polo Servizo Galego de Saúde e a continuación dos plans de carreira profesional.

g) O establecemento dun fondo especial de recuperación retributiva 2017-2020 que permita a recuperación progresiva da masa salarial e dos plans de acción social minorados durante o período 2013-2016.

h) Un mecanismo de convocatoria permanente de concursos de provisión de vacantes que evite a proliferación xeneralizada das comisións de servizos e dote de estabilidade aos cadros de persoal.

i) Unha nova estratexia de igualdade no emprego público para este novo mandato.

2º) Establecer un observatorio permanente para a avaliación da calidade dos servizos públicos, que ademais da presenza dos órganos responsables da Administración autonómica, conte coa participación das organizacións de usuarios e consumidores, dos sindicatos así como de expertos. Este observatorio encadrarase no marco da Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, que deberá ser obxecto da necesaria modificación.

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 17:07
Nº Rexistro: 4903
Data envio: 10/02/2017 17:07:04.955

Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/02/2017 17:05:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/02/2017 17:05:37

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4. Proposicións non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 353(10/PNP-000002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de segregar as súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroaliaxes, así como a venda das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande

Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 13:36
Nº Rexistro: 353
Data envio: 21/10/2016 13:36:47.816

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Abel Losada Alvarez e Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno**.

Exposición de motivos

Se hai dous sectores económicos nos que os gobernos da dereita, tanto en Galicia como en España, teñen mostrado que as súas políticas económicas son profundamente erradas é a industria e a enerxía.

Probablemente a empresa Ferroatlántica S.A. con instalacións produtivas en Cee e Dumbría e as centrais hidroeléctricas na canle dos ríos Xallas e Grande é un exemplo claro dos erros cometidos. Unha empresa mercada en 1992 polo empresario Villar Mir, con 170 MW de potencia enerxética instalada, que tiña nese momento en torno aos 600 traballadores/as e que na actualidade se sitúa en torno aos 280; e na que non se fixeron neste 24 anos inversións de relevancia, máis alá do mantemento.

Neste contexto de falla de expectativas para os traballadores e traballadoras, recentemente saíu publicado nos medios de comunicación por responsables do Grupo Ferroatlántica a intención de vender as centrais hidroeléctricas da nosa comarca.

Esta empresa ten a concesión para explotar os nosos recursos naturais, tense beneficiado destas concesións públicas supeditadas ao mantemento e xeración de postos de traballo, así como, a Declaración de Utilidade Pública, para a expropiación de terreos e para a construción e explotación das centrais hidroeléctricas do Xallas e Grande.

As actividades de enerxía eléctrica e de ferroaleacións forman unha "única unidade produtiva". A vinculación de ditas actividades está obrigada pola Xunta de Galicia, ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con data 9/05/1996 e Tribunal Supremo con data 18/10/2001, e resolución de Augas de Galicia por transferencia de titularidade de data 15/10/2013

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 13:36
Nº Rexistro: 353
Data envio: 21/10/2016 13:36:47.816

Esta situación ten sido ratificada recentemente en sede parlamentaria pola unanimidade de todos os grupos parlamentarios. Así como, as declaracións institucionais da deputación da Coruña e os concellos da comarca en distintas sesións plenarias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións por parte de Ferroatlántica, sen que estas afecten os fluxos de enerxía eléctrica que deberán respectar as exixencias regulamentariamente establecidas para a adecuada operación do sistema eléctrico.

2. Non autorice a venta das centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande explotadas por Ferroatlántica.

3. Exixir á empresa Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee a través das inversións necesarias para este fin.

4. Solicitar que os postos de traballo que se derivan da xestión, administración, contabilidade e explotación da división de enerxía, recaian no centro de traballo de Cee-Dumbría-Centrales Hidroeléctricas, como así foi desde sempre, na historia de Carburos Metálicos.

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M. Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2016 13:36
Nº Rexistro: 353
Data envio: 21/10/2016 13:36:47.816

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/10/2016 13:19:16

María Dolores Toja Suárez na data 21/10/2016 13:19:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/10/2016 13:19:53

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 1846(10/PNP-000178)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 8 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia, dun informe respecto do posible impacto do "Brexit" na economía galega e nos seus sectores produtivos

Publicación da iniciativa, 26, 07.12.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 13:32
Nº Rexistro: 1846
Data envio: 30/11/2016 13:32:40.077

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **César Manuel Fernández Gil, José González Vázquez, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Núñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Cristina Romero Fernández, Sandra Vázquez Domínguez** e **Miguel Tellado Filgueira** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

O pasado 23 de xuño, o pobo do Reino Unido foi chamado ás urnas en referéndum para optar entre a permanencia ou a saída da Unión Europea. Cun 51,89% dos sufraxios, a opción da saída (o chamado 'Brexit') resultou vencedora, desembocando na dimisión do primeiro ministro Cameron, substituído por Theresa May, que xa ten reafirmado o seu compromiso co resultado da consulta e mesmo nomeado un responsable para a negociación do 'Brexit' no seu goberno.

Avecíñanse, por tanto, anos de intensa negociación entre as autoridades británicas e as da Unión Europea para negociar os termos da saída da Unión Europea. Non obstante, a incerteza provocada polas perspectivas de futuro está xa a ter o seu impacto na economía internacional.

O propio crecemento da economía galega está condicionado globalmente polo efecto económico desta ruptura da UE pero tamén a un nivel máis concreto distintos sectores produtivos poden sufrir consecuencias máis directas tanto negativas como positivas: as industrias exportadoras como o téxtil ou a automoción poden enfrontar novos aranceis, a flota pesqueira podería acceder a novos caladoiros, etc..

Para poñer algo de luz nesta escuridade do desenvolvemento futuro dos acontecementos e da afección a Galicia, sería conveniente que a Xunta de Galicia, a través de todos os seus órganos con proxección e actividade no eido europeo, elaborase un diagnóstico das oportunidades e ameazas derivadas da saída do Reino Unido da Unión Europea que contemplase asemade os distintos escenarios temporais e de ritmos de aplicación da normativa da Unión Europea. Esta información sería de

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 13:32
Nº Rexistro: 1846
Data envio: 30/11/2016 13:32:40.077

enorme utilidade non só para os propios sectores afectados senón tamén para deseñar as prioridades negociadoras do goberno galego en Bruxelas nos vindeiros anos.

O goberno galego conta cun órgano idóneo para escoitar as inquedanzas dos sectores e para recibir información de axentes sociais especialmente informados. Este órgano é o Consello de Acción Exterior de Galicia (CAEX), no que están presentes representantes sindicais, patronais, municipais ou universitarios, ademais de expertos e de responsables dos distintos organismos da Xunta con vocación exterior (dende as propias relacións exteriores ata emigración, promoción económica, cultura ou turismo).

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que elabore, coa participación do Consello de Acción Exterior de Galicia, un informe sobre os posibles impactos do 'Brexit' na economía galega e nos seus sectores produtivos".

Santiago de Compostela 30 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/11/2016 13:30:10

César Manuel Fernández Gil na data 30/11/2016 13:30:19

José González Vázquez na data 30/11/2016 13:30:23

María Guadalupe Murillo Solís na data 30/11/2016 13:30:38

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/11/2016 13:30:45

Alberto Pazos Couñago na data 30/11/2016 13:30:52

Paula Prado Del Río na data 30/11/2016 13:31:03

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2016 13:32
Nº Rexistro: 1846
Data envio: 30/11/2016 13:32:40.077

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Cristina Isabel Romero Fernández na data 30/11/2016 13:31:14

Sandra Vázquez Dominguez na data 30/11/2016 13:31:21

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/11/2016 13:31:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 2506(10/PNP-000233)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a consolidar o recurso das casas niño

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 36, 28.12.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2506
Data envio: 23/12/2016 15:02:25.042

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa das deputadas e deputados Marta Rodríguez Arias,Mª Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Nuñez Centeno, María Angeles García Míguez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira, Jesús Vazquez Almuíña, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno** polo trámite de urxencia.

Xustificación da Urxencia:

A Urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione cando antes sobre esta cuestión.

Exposición de Motivos

A través dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2017, continuaranse creando novas prazas para nenos de 0 a 3 anos en escolas infantís, centrándose sobre todo na posta en marcha de novas escolas no rural e en contornos empresariais.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2506
Data envio: 23/12/2016 15:02:25.042

Para a construción e entrada en servizo das mesmas resérvanse partidas económicas que superan os 6 millóns de euros. En 2017 sacaranse unha nova convocatoria de axudas para abrir 30 novas Casas Niño en Concellos do rural de Galicia.

Estas novas alternativas achegan a conciliación laboral a concellos do rural e a contornas de traballo que anteriormente carecían de recursos de este tipo. Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que se trata dos modelos axeitados para facilitar a fixación de poboación no rural e chegar a permitir a todas as familias galegas compatibilizar a súa vida laboral e familiar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte **Proposición non de lei urxente para o seu debate en Pleno**:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

"Consolidar o recurso das casas niño para que, no ano 2020, todos os concellos de Galicia teñan recursos de conciliación" .

Santiago de Compostela a 23 decembro 2.016.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2506
Data envio: 23/12/2016 15:02:25.042

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 23/12/2016 14:45:43

María Encarnación Amigo Díaz na data 23/12/2016 14:46:19

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 23/12/2016 14:46:28

María Ángeles Garcia Míguez na data 23/12/2016 14:46:37

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 23/12/2016 14:46:48

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 23/12/2016 14:47:10

Jesús Vázquez Almuiña na data 23/12/2016 14:47:32

Paula Prado Del Río na data 23/12/2016 14:59:13

César Manuel Fernández Gil na data 23/12/2016 14:59:19

Jaime Castiñeira Broz na data 23/12/2016 14:59:26

Silvestre Balseiros Guinarte na data 23/12/2016 14:59:31

Maria Antón Vilasánchez na data 23/12/2016 14:59:41

Moisés Blanco Paradelo na data 23/12/2016 14:59:51

Marta Novoa Iglesias na data 23/12/2016 15:00:02

Cristina Isabel Romero Fernández na data 23/12/2016 15:00:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 3051(10/PNP-000268)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas sentenzas ditadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local

Publicación da iniciativa, 48, 19.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 11:52
Nº Rexistro: 3051
Data envio: 09/01/2017 11:52:19.830

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa do seu vicevoceiro **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa a medidas tributarias en relación coa utilización do dominio público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Primeiro.- O pasado mes de decembro o Tribunal Supremo ditou varias sentenzas relativas ás taxas municipais por utilización (aproveitamento especial) do dominio público, varias delas referidas ao concello de Arteixo (sentenzas de 21 de decembro de 2016).

En ditas sentenzas o Supremo confirma e valida as ordenanzas municipais que determinan que para a determinación da taxa (en relación coa utilidade do aproveitamento especial ou uso privativo do dominio público) é axeitado e apropiado tomar como referencia o valor catastral do solo con construción, ao considerar o TS que a efectos catastrais poden reputarse como tales as instalacións industriais, e dentro delas as liñas aéreas eléctricas, as conducións de gas, telecomunicacións e similares.

Consecuencia do cal é o axuste a legalidade de Ordenanzas fiscais que como a do propio concello de Arteixo toman como referencia para a aplicación do tipo de gravame unha base impoñible resultado de aplicar o valor do aproveitamento en función do valor unitario (solo+construción) e ao que se aplica o coeficiente RM e o coeficiente de equivalencia por tipo de terreo; e todo elo diferenciado para cada grupo de conducións, canalizacións e tendidos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 11:52
Nº Rexistro: 3051
Data envio: 09/01/2017 11:52:19.830

A doutrina xurisprudencial antes definida suporía unha maior capacidade de recadación para os concellos e outras entidades locais, ao amparar que mediante a Ordenanza fiscal correspondente se implante ou modifique a determinación da cota tributaria en función de dita doutrina, para o cal seria desexable que desde este Parlamento se instase da FEGAMP a elaboración, dunha Ordenanza-tipo (co estudo económico-financeiro respectivo) para serlles remitida ás entidades locais; elaboración na que podería participar a propia Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Administración Local.

Segundo.- Aínda que a doutrina contida na mencionada Xurisprudencia refírese á imposición local, é perfectamente extensible á autonómica, en tanto en canto a natureza do feito impoñible (a utilización privativa/aproveitamento especial do dominio público) é a mesma.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia determina que como principio de equivalencia para a determinación da cuantía da taxa por ocupación ou aproveitamento especial *"tomarase como referencia o valor de mercado correspondente ou o da utilidade derivada daquela"*.

No Anexo V, apartado 5. 02 determínase a cota tributaria, resultado de aplicar o tipo de gravame do 50% a unha Base impoñible que se obtén da aplicación da seguinte fórmula:

$$B_i = L \cdot \left(B_s + \frac{B_a}{n} \right) \cdot C_d \cdot C_u \cdot C_e$$

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 11:52
Nº Rexistro: 3051
Data envio: 09/01/2017 11:52:19.830

Onde :

- L : lonxitude (en m) o servizo que discorre polo DPV
- Bs : base sectorial, en función do tipo de actividade :
  Distribución electricidade en AT : 2,45 €/m

  Transporte de electricidade AT : 4,94 €/m

  Distribución de hidrocarburos : 1,58 €/m (6,97 €/m ata o 2013)

  Transporte de hidrocarburos : 18,57 €/m

  Telefonía e telecomunicacións : 2,91 €/m (4,11 €/m ata o 2013)

  Abastecemento de auga : 1,61 €/m

  Saneamento : 4,07 €/m
- Ba : base adicional (de executar servizos a través de canalizacións da Xunta)
- n : número de suxeitos pasivos diferentes que empregan a mesma canalización
- Cd : coeficiente de densidade de poboación
- Cu : coeficiente pola situación urbanística do solo (1,00 urbanizada; 0,75, rural)
- Ce : coeficiente pola clasificación da estrada (entre 0,60 e 1,20).

Criterios de determinación da taxa que, con independencia do tipo de gravame e resultado da cota tributaria, son distintos dos catastrais (incluídos o valor das construcións/instalacións) que o TS considera axeitados para a determinación da utilidade do aproveitamento do DPV e que a criterio deste Grupo parlamentar xustifica a necesidade de que por parte da ATRIGA se elabore un ditame no que, á vista da doutrina xurisprudencial, se poida concluír sobre a procedencia de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 11:52
Nº Rexistro: 3051
Data envio: 09/01/2017 11:52:19.830

revisar o procedemento de cálculo da taxa autonómica contida no Anexo V da Lei 6/2003.

Por outra banda, o notable, sistemático e progresivo descenso da previsión orzamentaria de ingresos por dita taxa por aproveitamento especial do DPV no orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas (AGI) é significativa :

2013	2.695.000 €
2014	1.600.000 €
2015	1.452.309 €
2016	700.000 €
2017(p)	568.210 €

Descenso acusado das previsións orzamentarias que aínda tendo en conta a redución da base impoñible para determinadas instalacións acordada no 2013, resulta dificilmente explicable, mais tendo en conta que os DRN (dereito recoñecidos netos) da partida 3040502 (aproveitamento especial DPV- Axencia Galega de Infraestruturas) foi de 1.078.411,82 € no exercicio 2015.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1) Elaborar un ditame sobre a doutrina xurisprudencial contida nas sentenzas de decembro de 2016 en relación utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos e a súa aplicación á determinación e cálculo da "Taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia" contida na Lei 6/2003, do 9 de decembro.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 11:52
Nº Rexistro: 3051
Data envio: 09/01/2017 11:52:19.830

GRUPO PARLAMENTAR en marea

2) Instar da FEGAMP á elaboración, en coordinación e apoio da administración autonómica, e á vista da doutrina do Tribunal Supremo, dunha Ordenanza-tipo (co estudo económico-financeiro correspondente) referida á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga, hidrocarburos e outras.
3) Aplicar posteriormente a doutrina no cálculo das tarifas da taxa autonómica.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/01/2017 11:50:11

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 3765(10/PNP-000309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a aplicación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 12:52
Nº Rexistro: 3765
Data envio: 19/01/2017 12:52:29.995

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario prevé na súa disposición adicional quinta que, con periodicidade anual, a Consellaría de Educación avaliará os resultados prácticas da súa aplicación nos distintos niveis educativos.

A piques de se cumpriren sete anos da súa entrada en vigor o goberno galego aínda non fixo nen unha soa avaliación ao respeito e mesmo rexeitou no ano 2013 o ofrecemento das tres universidades galegas para que fosen as súas equipas de investigación as que, de maneira independente, levasen a cabo un proxecto de avaliación.

Malia os distintos estudos que foron publicados nos últimos anos (IGE, 2014) nos que se advirte dun retroceso nos usos habituais do galego entre o conxunto da sociedade galega, especialmente entre a mocidade, así como outros que atinxiron a poboación infantil de 3-6 anos (A Mesa pola Normalización Lingüística, 2015; Nova Escola Galega-RAG, 2016), até o momento a Consellaría de Educación continúa sen avaliar, de acordo co disposto no propio decreto, o impacto da aplicación desta medida no ensino regrado.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 12:52
Nº Rexistro: 3765
Data envio: 19/01/2017 12:52:29.995

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a avaliar os resultados prácticos que tivo a aplicación do Decreto 79/2010 desde a súa entrada en vigor e a facelos públicos, a comezar pola presentación dos resultados nesta Cámara."

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2017 12:45:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/01/2017 12:45:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 12:52
Nº Rexistro: 3765
Data envio: 19/01/2017 12:52:29.995

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2017 12:45:36

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2017 12:45:37

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2017 12:45:41

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2017 12:45:45

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 4209(10/PNP-000345)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a apertura polo Goberno galego dunha mesa de negociación coas organizacións sindicais do eido sanitario para recuperar os acordos acadados no ano 2008 en relación coas condicións laborais e retributivas do persoal do Sergas

Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 12:43
Nº Rexistro: 4209
Data envio: 30/01/2017 12:43:56.154

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relacionada coas condicións retributivas do persoal do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2009 o Goberno Galego suspendía por decreto, a aplicación dos acordos acadados no ano anterior cos sindicatos do eido sanitario, que situaban as condicións laborais e retributivas das traballadoras galegas coa media do Estado.

O motivo fundamental da suspensión do acordo era a situación económica, polo que a recuperación do mesmo viña condicionada por unha mellora en dita situación.

Oito anos despois da suspensión do acordo, o Goberno anuncia unha mellora nas situación económica, facendo un balance positivo dos recursos económicos así como incrementando os salarios tanto do presidente da Xunta nun 7,5% como dos altos cargos nun 7%.

Sen embargo, a recuperación dos acordos e as condicións retributivas das traballadoras sanitarias seguen sen aplicarse, deixando que se sitúen á cola das condicións laborais e salariais do resto do país.

As condicións do persoal que non se están a recuperar, son dereitos acadados e consolidados que fan referencia a retribucións específicas como por exemplo, un tratamento axeitado das prestacións de servizos nos domingos e festivos, nas gardas dos días 24, 25, 31 de decembro ou 1 de xaneiro.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 12:43
Nº Rexistro: 4209
Data envio: 30/01/2017 12:43:56.154

GRUPO PARLAMENTAR en marea

As organizacións sindicais xa rexistraron ante a Consellería de Sanidade, solicitude para abrir unha mesa de negociación para a recuperación dos acordos acadados.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a abrir unha Mesa de negociación coas organización sindicais da mesa sectorial do SERGAS para a recuperación dos acordos acadados no 2008.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández, Deputada do G.P. de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 30/01/2017 12:43:09

Luis Villares Naveira na data 30/01/2017 12:43:17

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 4271(10/PNP-000348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de desbloquear a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo

Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 18:21
Nº Rexistro: 4271
Data envio: 30/01/2017 18:21:27.947

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a desbloquear a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A creación da Área Metropolitana de Vigo (AMV) perseguía vertebrar territorialmente o ámbito supramunicipal que se desenvolve na área de influencia da cidade de Vigo, e ao tempo, procurar o maior e mellor aproveitamento de sinerxías para a prestación de servizos comúns ao conxunto da veciñanza da AMV. Así se recollía na declaración de Soutomaior, subscrita por 14 concellos na altura do 23 de xuño de 2000, na que se demandaba, hai case dezasete anos, á Xunta de Galiza a creación da Área.

Malia que a Lei da área metropolitana de Vigo (4/2012) foi aprobada o 12 de abril de 2012, e que a mesma estabelecía que a constitución da AMV tería que se efectivizar nun prazo de tres meses desde a súa publicación no DOG (23 de abril de 2012), tal mandato non foi executado por causa da falla de acordo entre as diferentes administracións implicadas, e singularmente polo enfrontamento entre o Goberno municipal de Vigo e a Xunta de Galiza.

Para resolver esta situación e promover a creación da AMV, atinxiuse un novo consenso entre os 14 concellos que ían integrar a Área e a Xunta de Galiza. Un consenso que cristalizou na modificación da Lei de área metropolitana de Vigo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 18:21
Nº Rexistro: 4271
Data envio: 30/01/2017 18:21:27.947

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(14/2016) aprobada o 27 de xullo polo Parlamento de Galiza. Ese acordo logrou concitar un amplo respaldo político e concibíase como o definitivo desbloqueo da situación.

O 1 de decembro de 2016, cando se cumprían tres meses da súa entrada en vigor após a publicación no DOG da referida modificación (1 de agosto), tivo lugar a a sesión constitutiva da Área Metropolitana de Vigo. Na sesión participaron os e as concelleiras metropolitanas de todos os grupos políticos, incluído o Partido Popular, que tomaron posesión de tal condición nese acto. Esa participación anuente visa a lexitimidade que se lle outorga ao acto de sesión, cuxa mesa de idade é presidida polo alcalde de Salvaterra Arturo Grandal, do Partido Popular. Na acta da sesión, durante a que se produce o abandono da mesma por parte do grupo metropolitano do Partido Popular, o presidente da mesa de idade proclama formalmente constituída a Área. Na mesma sesión procédese, á elección de Presidencia da AMV, sendo asumida polo Alcalde da cidade de Vigo.

Constituída a AMV, e designados os seus órganos de goberno, o 22 de decembro ten lugar a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Metropolitana, na que participan todos os e as membros, agás os representantes do Partido Popular.

Estes feitos supoñen reiniciar a disputa institucional entre o Goberno municipal de Vigo e a Xunta de Galiza, pola oposición do goberno galego a que a AMV se constituíse. Unha lea que acaba por xudicializar un conflito de evidente carácter político, coa interposición o pasado 20 de xaneiro, por parte da Xunta, dun recurso contencioso-administrativo contra a constitución da AMV e dos seus órganos de goberno. Esta decisión só persegue dificultar e atrasar a posta en marcha efectiva da Área Metropolitana de Vigo, o que supón un claro prexuízo para a veciñanza da área ao postergar a implementación de servizos mancomunados a nivel metropolitano.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 18:21
Nº Rexistro: 4271
Data envio: 30/01/2017 18:21:27.947

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O conflito fica atravesado pola problemática derivada da inexecución do convenio subscrito o pasado 6 de xullo, entre Concello de Vigo, a empresa Vitrasa (como concesionaria do servizo de transporte urbano da cidade olívica) e Xunta de Galiza, para a integración de Vigo na área de transporte metropolitano de Vigo. Unha inexecución que ten causa na diverxencia de criterio referida unicamente á cuestión tarifaria, nomeadamente á compensación dos viaxes urbanos dentro do termo municipal de Vigo.

O transporte metropolitano é unha das principais demandas da veciñanza da AMV. Inda que o vixente plan de transporte metropolitano é anterior á constitución da AMV, e este presenta importantes déficits, a súa aplicación no conxunto do territorio da área é unha necesidade urxente. A pesar de que o citado convenio recolle que a interpretación que podería resolver o desacordo tarifario podería substanciarse a través da vía contencioso-administrativa, ningunha das dúas partes acudiu a este mecanismo, que a Xunta si que exerce, como xa se citou, para tentar anular xudicialmente a constitución da AMV.

É, pois, imperativo que se adopten medidas para resolver este litixio político, de cara a desbloquear a posta en marcha efectiva da Área Metropolitana de Vigo, para o que se formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"1. Exixir á Xunta de Galiza o retorno ao consenso atinxido entre os concellos e o Goberno galego que permitiu a modificación da Lei da Área Metropolitana de Vigo.

2. Instar ao Goberno galego a retirar o recurso contencioso-administrativo interposto contra a constitución da Área Metropolitana de Vigo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 18:21
Nº Rexistro: 4271
Data envio: 30/01/2017 18:21:27.947

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e a designación dos seus órganos de goberno, para procurar unha solución político-institucional baseada no diálogo e no consenso entre as partes.

3. Instar á Xunta de Galiza a que execute o convenio asinado en materia de transporte metropolitano, a través dun acordo co Concello de Vigo a respeito do financiamento, que deberá garantir as mesmas tarifas para todas as persoas usuarias, con independencia do seu lugar de procedencia."

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2017 18:20:37

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2017 18:20:42

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 18:21
Nº Rexistro: 4271
Data envio: 30/01/2017 18:21:27.947

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2017 18:20:49

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2017 18:20:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2017 18:20:57

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2017 18:21:00

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 4411(10/PNP-000363)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa decisión da Dirección Xeral de Tributos, do Ministerio de Facenda, de suprimir a exención do IVE para os servizos que prestan as e os profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio

Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 4411
Data envio: 01/02/2017 19:13:39.541

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O servizo público da Xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. E o Turno de Oficio constitúe, sen dúbida, unha boa parte desa prestación dun servizo público. O Goberno galego teno esquecido, pois as contías que reciben as e os profesionais do Turno de Oficio están conxeladas dende o ano 2009 e é imprescindible unha mellora no desglose dos conceptos incluídos no baremo de compensación.

Hoxe sabemos que a *Dirección General de Tributos*, dependente do *Ministerio de Hacienda* do Estado, ten declarado o fin da exención fiscal da que se beneficiaban uns 2500 profesionais en Galicia dende hai uns 30 anos. Así, os servizos que presten as e os avogados e as e os procuradores adscritos ao Turno de Oficio deixarán de estar exentos de IVA. O cambio ten a súa motivación nunha sentenza do Tribunal de Xustiza da UE, que di que a asistencia xurídica gratuíta non entra nos supostos de exención do tributo.

A cuestión está en quen deberá asumir a factura. O Grupo Parlamentario Socialista entende que a Administración, posto que supón reducir aínda máis (un 21 % máis) os xa raquíticos honorarios do baremo do Turno de Oficio.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 4411
Data envio: 01/02/2017 19:13:39.541

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a asumir o sobrecusto que vai supoñer a decisión da Dirección General de Tributos do Ministerio de Hacienda do Estado de que os servizos que prestan as e os profesionais adscritos ao Turno de Oficio deixen de estar exentos de IVA, procedendo ao incremento da partida orzamentaria a tal efecto.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/02/2017 19:05:53

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/02/2017 19:05:58

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2017 19:06:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2017 19:06:08

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 1510(10/INT-000060)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os compromisos asumidos polo Goberno galego no Pacto local

Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 1510
Data envío: 22/11/2016 14:00:43.295

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado, pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos Socialistas de Galicia

O 20 de xaneiro de 2006, o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da Fegamp, asinaron o Pacto local galego, de acordo co establecido na Lei de bases de réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril) e a Lei de Administración local de Galicia (Lei 7/1997, do 22 de xullo) e demais normativa de aplicación vixente.

O dito pacto establece unha reasignación de competencias entre a Comunidade Autónoma galega e a Administración local, baseándose no principio de subsidiariedade, con respecto á garantía da autonomía local, dotada de financiamento suficiente para a súa prestación.

Nas súas cláusulas, establécese que as partes asinantes se comprometen, entre outras cousas, a:

"I.-Financiamento:

Sen prexuízo do obxectivo irrenunciable e imprescindible de acadar un pacto de Estado polo financiamento, no que defendemos a inclusión dos criterios de número de núcleos de poboación e extensión do territorio na distribución aos concellos da participación nos tributos do Estado, a Comunidade Autónoma galega levará a cabo as seguintes actuacións:

– Regulación do Fondo galego de cooperación local.

– Fondo de compensación interterritorial

– Asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde, actualmente a cargo dos concellos

– Asunción dos custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria."

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 1510
Data envio: 22/11/2016 14:00:43.295

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Polo anteriormente exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Elaborou o Goberno galego un estudo sobre o fondo de compensación interterritorial de Galicia, se for o caso, cales foron as conclusións e cal é o programa para a súa implantación?

2ª) Cal é a situación actual e o programa para que o Goberno galego asuma a totalidade dos custos de mantemento dos centros de saúde?

3ª) Cal é a situación actual e o programa para que o Goberno galego asuma a totalidade dos custes dos centros de atención primaria?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/11/2016 13:58:09

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/11/2016 13:58:17

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/11/2016 13:58:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 4095(10/INT-000148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para afrontar problemas relacionados coa violencia no deporte

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 4095
Data envío: 25/01/2017 18:51:32.575

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e **Patricia Vilán Lorenzo,** deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Goberno presidido por José Luis Rodríguez Zapatero constituíu en 2008 a Comisión Estatal contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte (Comisión Antiviolencia para o Deporte). A continuada e crecente relevancia de diversos feitos de carácter violento asociados ao deporte, especialmente ao deporte de masas e os de maior afluencia de público, mobilizou unha alerta relevante para tomar esta iniciativa que avaliara de maneira específica, e con competencias sancionadoras no eido deportivo, as accións e actitudes violentas no eido deportivo. A Lei do deporte de Galicia adquire tamén algunhas competencias na materia.

Existen problemáticas sinaladas en tres eidos específicos: violencia intergrupal, asociada as condutas agresivas e hostís entre afeccións; violencia machista, relacionada con conceptos estereotipados do deporte dende un punto de vista machista e discriminatorio; e violencia xenófoba, que se manifesta no rexeitamento e desprezo cara ás persoas de razas e/ou culturas distintas. Todos eles teñen unha importancia fundamental e deben afrontarse dende puntos de vista semellantes, baseados nunha regulamentación esixente e tamén, e sobre todo, nun conxunto de accións sociopedagóxicas e educativas encamiñadas a difundir actitudes e condutas baseadas en valores universais, especialmente a desenvolver entre os menores de idade.

As políticas desenvolvidas ata o de agora, con máis ou menos apoio gubernamental dende aquel 2008, foron ofrecendo resultados salientables que xeraron un certo avance neste campo. Non entanto, seguen existindo problemas asociados á violencia no deporte, nalgúns casos con resultados dramáticos que se cobran incluso vidas humanas, e noutros casos que derivan cara problemas de actitude machista e/ou xenófoba. Este tipo de actitudes recibe crítica e combate por parte das administracións, dos medios

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

de comunicación, de referentes sociais, do conxunto da sociedade e tamén dos propios deportistas, mais existen aínda actitudes que, por moi poucas numericamente que sexan, contribúen a limitar a capacidade de acción e influencia de todos os axentes que traballan en sentido positivo. Existe, por tanto, unha tolerancia social aínda latente que protexe e sostén a existencia de condutas e actitudes manifestamente reprobables.

O informe da UNESCO "*Colour, what colour?"* de 2015 apunta a existencia dun problema irresoluto de racismo no fútbol, e para confrontalo apuntan unha boa serie de medidas en torno a tres eixos de actuación: tomar en serio ás afeccións deportivas, arriscar e innovar nas medidas a levar a cabo, e actuar en conxunto coa universidade e os investigadores sociais.

Non sendo Galicia unha das comunidades autónomas que presenta maior índice de problemas asociados á violencia no deporte, e existindo exemplos contrarios moi relevantes e exemplares de clubs de elite e de afeccionados (por exemplo: "El CB Nigrán rinde homenaje a las víctimas de violencia de género", Faro de Vigo 19.11.2016, seguen existindo problemas que é necesario afrontar de maneira concreta ("somos iguales, somos humanos", La Voz de Galicia 23.01.2017). As divisións semiprofesionais e afeccionadas do deporte, especialmente dos deportes maioritarios e concretamente do fútbol, merecen unha atención específica que ha de facerse con datos e propostas concretas dende Galicia.

Coñecendo que a Comisión Antiviolencia para o Deporte ofrece un informe anual cos datos agrupados para toda España, sería de relevancia coñecer estes datos desagregados para Galicia. O último informe da Comisión foi para a tempada deportiva 2015-2016. A partir dos datos sería posible deseñar planes e actuacións mais específicos e eficientes para afrontar os problemas existentes.

Por todo isto, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como valora a Secretaría Xeral para o Deporte a situación en Galicia en relación as actitudes e condutas violentas asociadas ao deporte?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 4095
Data envio: 25/01/2017 18:51:32.575

2. Cantos casos de violencia no deporte foron detectados e tramitados en Galicia na tempada deportiva 2015-2016?
3. Cantos casos tiveron relación con actitudes racistas e/ou xenófobas? Cantos relacionados con violencia machista? Canto en relación a agresividade e violencia intergrupal?
4. Considera a Xunta de Galicia necesario establecer un plan de actuacións específico en Galicia para afrontar problemas relacionados coa violencia no deporte?

Pazo do Parlamento, 25 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 25/01/2017 18:41:32

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/01/2017 18:41:38

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/01/2017 18:41:45

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 4113(10/INT-000151)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co peche da venda ao público de billetes e do servizo de atención ao viaxeiro en diversas estacións de ferrocarril

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 16:52
Nº Rexistro: 4113
Data envio: 26/01/2017 16:52:23.742

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación,** para evitar o peche de determinados servizos de venda ao público que pretende facer dende RENFE-ADIF.

Como seguro é coñecido as empresas Renfe-Viaxeiros S.A. e ADIF veñen de adoptar a lamentable decisión de pechar a atención presencial ao viaxeiro nas estacións de Guillarei, O Carballiño, O Barco, A Rúa e Ribadavia, dentro dun proceso continuo e imparable de degradación do servizo.

Este peche ademais de furtar a unha parte da sociedade galega dun servizo básico e fundamental como é a venda e información persoal, suporá o traspaso deste persoal a outras divisións da compañía coas consecuencias que todos podemos entender que suporá.

Este proceso persigue un obxectivo último a desmantelación de todolos servizos de viaxeiros de tódalas estacións que non sexan nas cidades galegas, co fin de acadar un descenso de utilización e de ocupación, que sirva de pretexto para o seu peche definitivo.

Esta decisión deixará sen servizo a máis de 160.000 viaxeiros, dificultando o servizo para os usuarios habituais, pero tamén diminuíndo a calidade e polo tanto a imaxe que de nos reciben os numerosos turistas que usan este servizo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2017 16:52
Nº Rexistro: 4113
Data envio: 26/01/2017 16:52:23.742

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Dende este Grupo Parlamentar non entendemos tampouco que a alternativa sexan puntos de autovenda que únicamente aceptan o pago con tarxeta, facilitando unha vez máis o negocio bancario fronte a realidade actual, onde o 90% dos billetes vendidos nesas estacións, o é en metálico.

Estes traballadores de venda directa tamén garante a apertura dos vestíbulos destas estacións, feito que non poderá facerse con este novo modelo, o que supón en moitos casos que os usuarios queden afectos ás inclemencias do tempo e polo tanto un elemento máis de deterioro do servizo e perda de potenciais usuarios.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte **Interpelación:**

Que medidas ten previsto realizar o Goberno galego para evitar o peche da venda ao público e atención ao viaxeiro en diversas estacións de ferrocarril do país.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 26/01/2017 16:48:34

Marcos Cal Ogando na data 26/01/2017 16:48:40

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 4945(10/POPX-000016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co anuncio da consolidación da venda pola empresa Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas no río Xallas e a súa posible incidencia no emprego da Costa da Morte

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:20
Nº Rexistro: 4945
Data envio: 13/02/2017 13:20:09.048

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

"Que ten previsto facer o Presidente ante o anuncio da consolidación da venta ilegal das centrais do Xallas por parte de Ferroatlántica poñendo en risco centos de postos de traballo na Costa da Morte?"

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2017 13:18:47

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 4991(10/POPX-000017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación dos efectos da situación laboral no Sergas na asistencia sanitaria

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4991
Data envio: 13/02/2017 14:19:45.751

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, como avalía os efectos da situación laboral no Sergas sobre a asistencia sanitaria?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2017 13:52:49

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 5086(10/POPX-000018)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre o sufrimento que están a provocar os recortes en materia sanitaria

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 18:25
Nº Rexistro: 5086
Data envio: 13/02/2017 18:25:50.837

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta **oral en Pleno,** dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia.**

É consciente o Goberno galego do sufrimento que están a provocar os seus recortes sanitarios á luz dos últimos acontecementos?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/02/2017 18:10:15

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 2660(10/POP-000250)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia da estación intermodal no concello de Vigo

Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 16:54
Nº Rexistro: 2660
Data envio: 27/12/2016 16:54:30.827

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Nóvoa Iglesias, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Silvestre J. Balseiros Guinarte, Julia Rodríguez Barreira, Antonio Mouriño Villar e **Teresa Egerique Mosquera,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario do Partido Popular,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en en Pleno.**

A Xunta de Galicia ten previsto executar no Concello Vigo ao carón de nova Estación do Ferroviaria do Ave, unha estación Intermodal para os autobuses que supoña facilitar a intermodalidade entre os transportes público por estrada y por vía férrea.

A Xunta de Galicia ten incluída unha partida presupuestaria nos orzamentos deste ano 2016 e xa elaborou o Anteproxecto da mesma.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que situación se atopa a execución de nova estación intermodal de Vigo?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 27/12/2016 16:47:27

Jaime Castiñeira Broz na data 27/12/2016 16:47:38

Marta Novoa Iglesias na data 27/12/2016 16:47:44

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/12/2016 16:47:51

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/12/2016 16:48:00

María Julia Rodriguez Barreira na data 27/12/2016 16:48:07

Antonio Mouriño Villar na data 27/12/2016 16:48:16

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 16:54
Nº Rexistro: 2660
Data envio: 27/12/2016 16:54:30.827

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Teresa Egerique Mosquera na data 27/12/2016 16:48:24

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 4269(10/POP-000539)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as razóns do aumento rexistrado en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego

Publicación da iniciativa, 63, 09.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 18:08
Nº Rexistro: 4269
Data envio: 30/01/2017 18:08:35.869

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados **Manuel Lago Peñas**, **Carmen Santos Queiruga, Chao Pérez Luca, Eva Fernández Solla, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Cal Ogando Marcos, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Magdalena Barahona Martín, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal**, do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social vén de facer público o avance da estatística de regulación de emprego no período de xaneiro a novembro de 2016, que se pode consultar na web do Ministerio.

Os datos que se reflicten neste informe son moi preocupantes para Galicia, porque hai un incremento moi significativo no número de persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego (EREs), mentres que no conxunto do Estado, non só non aumentan, senón que diminúen.

Agrava o problema o feito de que entre as diferentes modalidades de regulación de emprego a que máis aumenta no noso país son precisamente as de rescisión de contratos, isto é, a que se materializa en despidos, a medida máis traumática.

Como se sabe a evolución dos EREs esta vinculada á actividade económica e á situación das empresas, ben de carácter xeneral ou sectorial, de maneira que aumentan as persoas afectadas por EREs cando as empresas ou os sectores teñen dificultades e redúcese o seu número cando a situación económica mellora.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 18:08
Nº Rexistro: 4269
Data envio: 30/01/2017 18:08:35.869

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Ante esta negativa situación que reflicte a evolución dos Expedientes de Regulación de Emprego, o grupo parlamentario En Marea fai a seguinte pregunta:

- Se é certo que a economía vai mellor, porque hai máis traballadoras e traballadores regulados?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2017 16:55:22

Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2017 16:55:35

Paula Vázquez Verao na data 30/01/2017 16:55:48

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2017 16:56:06

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/01/2017 16:57:00

Antón Sánchez García na data 30/01/2017 16:57:04

Eva Solla Fernández na data 30/01/2017 16:57:09

Luca Chao Pérez na data 30/01/2017 16:57:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 18:08
Nº Rexistro: 4269
Data envio: 30/01/2017 18:08:35.869

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2017 16:57:18

Luis Villares Naveira na data 30/01/2017 16:57:22

Magdalena Barahona Martín na data 30/01/2017 16:57:26

Francisco Casal Vidal na data 30/01/2017 16:57:31

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2017 16:57:36

Marcos Cal Ogando na data 30/01/2017 16:57:41

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 5084(10/PUP-000057)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante do anuncio de venda pola empresa Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 18:22
Nº Rexistro: 5084
Data envio: 13/02/2017 18:22:57.900

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Jose Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno,** relativa á situación de Ferroatlántica.

Xustificación da Urxencia.

O anuncio por parte da empresa Ferroatlántica da existencia dun acordo definitivo para vender as centrais hidroeléctricas que posúe en Cee e Dumbría, supón a evidencia dunha estratexia empresarial que condena ao desemprego a centenares de traballadores da planta, xa que suporía o peche das mesmas, ademais da expresión do engano aos que o ten sometido o Goberno cando negaba a existencia de calquera solicitude neste sentido, demostrando unha vez máis que cando ten que posicionarse, sempre o fai contra o emprego e os traballadores e a favor dos intereses especulativos das grandes empresas.

Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno:**

Que vai facer o Goberno galego ante o anuncio da venda das centrais hidroeléctricas do Xallas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 18:22
Nº Rexistro: 5084
Data envio: 13/02/2017 18:22:57.900

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/02/2017 18:17:10

Carmen Santos Queiruga na data 13/02/2017 18:17:16

Paula Vázquez Verao na data 13/02/2017 18:17:26

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/02/2017 18:17:30

Juan José Merlo Lorenzo na data 13/02/2017 18:17:36

Antón Sánchez García na data 13/02/2017 18:17:39

Eva Solla Fernández na data 13/02/2017 18:17:42

Luca Chao Pérez na data 13/02/2017 18:17:45

Paula Quinteiro Araújo na data 13/02/2017 18:17:48

Magdalena Barahona Martín na data 13/02/2017 18:17:51

José Manuel Lago Peñas na data 13/02/2017 18:17:54

Francisco Casal Vidal na data 13/02/2017 18:17:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 18:22
Nº Rexistro: 5084
Data envio: 13/02/2017 18:22:57.900

GRUPO PARLAMENTAR en marea

David Rodríguez Estévez na data 13/02/2017 18:18:03

Marcos Cal Ogando na data 13/02/2017 18:18:07

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 3858(10/POP-000471)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a apertura do Museo dos Viños de Galicia na reitoral de Santo André de Camporredondo, no concello de Ribadavia

Publicación da iniciativa, 58, 02.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2017 16:30
Nº Rexistro: 3858
Data envío: 20/01/2017 14:15:35.788

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Reitoral de Santo André de Camporredondo, do século XVIII, sitúase na provincia de Ourense, na parroquia de Sto. Andrés de Caporredondo, a 3 quilómetros de Ribadavia. Este conxunto monumental formado pola reitoral de Sto. André, a granxa vinícola máis importante que o mosteiro de San Martiño Pinario tivo en Galicia, feita en silleria, forma un conxunto único do barroco galego que contén ademais unha adega abovedada singular. Moi preto deste conxunto histórico atópase un dos perfectos exemplos do barroco compostelá no rural galego, a igrexa de Santo André.

A restauración do edificio iniciouse con múltiples colaboracións públicas sendo decisiva a actuación da primeira "Escola-Taller" da provincia xa en 1988, así coma outras actuacións que continuaron a rehabilitación dos edificios.

Esta reitoral cedeuse ao Concello de Ribadavia a través dun convenio co Bispado de Ourense para situar nel o Museo do Viño de Galicia, un espazo que ten como obxectivo a recuperación, conservación, documentación, investigacións, exhibición e difusión, de maneira científica e didáctica do noso patrimonio cultural e de interese vitivinícola, incorporando os fondos históricos e etnográficos, así coma a organización de actividades científicas, formativas, divulgativas e de ocio que incrementen e favorezan o coñecemento da cultura da vide e do viño en Galicia.

A Xunta de Galicia responsabilizouse a partir do ano 1995 dos traballos do proxecto museístico e de poñer en marcha todas as actuacións necesarias para a súa apertura e xestión. Resulta preocupante a falla de accións nas pasadas dúas lexislaturas por parte da Consellería de Cultura, xa que transcorridos 29 anos dende o inicio deste proxecto, foron moitas as visitas e as promesas dos gobernos do PP para poñer en marcha o Museo do Viño,

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/01/2017 16:30
Nº Rexistro: 3858
Data envio: 20/01/2017 14:15:35.788

pero que non se teñen concretado en accións para a apertura destas instalacións.

Tralas eleccións municipais celebradas no ano 2015, o inicio do mandato a Deputación Provincial de Ourense ofreceuse a participar colaborando coa Consellería de Cultura nos derradeiros traballos necesarios para a apertura do museo, pero na actualidade este espazo segue pechado.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

En que data ten previsto a Xunta de Galicia a apertura do Museo dos Viños de Galicia?

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Concepción Burgo López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/01/2017 14:05:43

Raúl Fernández Fernández na data 20/01/2017 14:05:49

Maria de la Concepción Burgo López na data 20/01/2017 14:05:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 3982(10/POP-000500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir a titularidade e o uso civil do Panteón de Galegos Ilustres

Publicación da iniciativa, 58, 02.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:22
Nº Rexistro: 3982
Data envio: 23/01/2017 18:22:08.912

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa as actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galiza para garantir a titularidade e uso civil do Panteón de Galegos Ilustres.

A corporación municipal de Compostela aprobou de maneira unánime unha iniciativa que insta o Ministerio de Fomento e AENA a incorporar o nome de Rosalía de Castro ao aeroporto de Lavacolla. Así o acordaron todas as forzas políticas con representación na capital de Galiza, que contan tamén con representación neste Parlamento.

Así as cousas, resulta paradóxico que perante a posibilidade de que o aeroporto reciba o nome da poeta nacional, calquera visitante que se achegue a Compostela non poida visitar con liberdade a súa tumba ou renderlle homenaxe, se non conta coa correspondente autorización por parte do Arcebispado de Santiago, titular do Panteón de San Domingos de Bonaval, onde repousan os restos da autora xunto cos doutras insignes personalidades da política e cultura do noso país.

O Panteón de Galegos Ilustres é un dos símbolos da Galiza. A súa orixe está claramente vinculada co empeño dun sector relevante da sociedade galega por dignificar Galiza, e singularmente por situar a Rosalía de Castro no lugar que lle corresponde como figura clave do rexurdir cultural de Galiza. Así no ano 1891, o Centro Galego da Habana, o Comité Rexionalista e a Sociedade de Amigos do País, tomaron a decisión de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:22
Nº Rexistro: 3982
Data envio: 23/01/2017 18:22:08.912

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

trasladar os restos de Rosalía de Castro desde o cemiterio de Adina até San Domingos de Bonaval. Motivábaos a necesidade de depositar os seus restos coa relevancia que merecían, á par de realizar unha homenaxe pública do conxunto do pobo galego á súa figura e á súa obra fundacional. Non se trataba naquel momento de constituír un Panteón de Galegos Ilustres, mais esta idea foi tomado corpo desde ese momento.

Malia que en múltiples ocasións o Bloque Nacionalista Galego ten rexistrado iniciativas tentando restabelecer un uso civil e laico do Panteón, o certo é que o Goberno e a maioría parlamentar do PP impediron avanzar nese obxectivo.

Este feito, provoca unha situación anómala que se vai consolidando co paso do tempo e que priva de difusión, coñecemento e acceso libre a un espazo que debe ser propiedade de galegas e galegos e non de ningunha confesión relixiosa.

Desde o BNG seguimos defendendo a idoneidade de San Domingos de Bonaval como sede para o Panteón de Galegos Ilustres. Por simbolismo e por tradición asentada no noso imaxinario colectivo. Mais tamén defendemos a necesidade de que un Panteón destas características debe ser un espazo laico, de uso civil, con garantías de acceso e homenaxe sen censuras ás personalidades que alberga. Estas condicións non están garantidas na actualidade toda vez que o arcebispado ten a capacidade para decidir que actos se poden celebrar e cales non e quer implantar os usos litúrxicos.

Á vista desta situación así como dun marco legal que permite a expropiación de bens culturais en base á súa utilidade pública formulamos a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**:

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para garantir a titularidade e uso civil do Panteón de Galegos Ilustres?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 18:22
Nº Rexistro: 3982
Data envio: 23/01/2017 18:22:08.912

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/01/2017 18:21:14

María Montserrat Prado Cores na data 23/01/2017 18:21:19

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2017 18:21:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/01/2017 18:21:24

Xosé Luis Bará Torres na data 23/01/2017 18:21:29

Ana Pontón Mondelo na data 23/01/2017 18:21:32

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 3470(10/POP-000409)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da realización dunha análise para a introdución de cambios no actual proceso de contratación do servizo integral de helicópteros e brigadas para a prevención e defensa contra os incendios forestais e na prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra eles durante os anos 2017 e 2018

Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 17:20
Nº Rexistro: 3470
Data envio: 16/01/2017 17:20:46.126

GRUPO PARLAMENTAR en marea

A MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e David Rodríguez Estévez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o seu debate en **Pleno,** referente á contratación do servizo integral de helicópteros e brigadas con destino á prevención e defensa contra os incendios forestais e á prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra incendios forestais durante os anos 2017 e 2018.

No DOG nº 7 do 11 de xaneiro, a Consellería de Medio Rural, publicou a resolución do 20 de decembro de 2016 pola que se anuncia a licitación, por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dun servizo integral de helicópteros e brigadas con destino á prevención e defensa contra os incendios forestais e á prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra incendios forestais durante os anos 2017 e 2018, sendo o servizo de contratación da Consellería de Medio Rural a entidade adxudicataria.

Na descrición do contrato fala da contratación do servizo integral de helicópteros e brigadas con destino á prevención e defensa contra os incendios forestais e á prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra incendios forestais durante os anos 2017 e 2018, divididos por lotes:

- Lote 1: helicópteros de tipo lixeiro co persoal das brigadas helitransportadas correspondentes.
- Lote 2: helicóptero e técnicos coordinadores.

Tamén se contempla unha admisión de prórroga por dúas anualidades máis.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 17:20
Nº Rexistro: 3470
Data envio: 16/01/2017 17:20:46.126

O importe neto do mesmo ascende a 3.877.530,00 € e contémplase un valor estimado de 8.344.396,00 € incluídas posibles prórrogas e modificacións con fondos propios.

A adxudicación de medios aéreos polas administracións publicas comezou hai tempo a ter certos problemas coa suposta relación administracións / empresas adxudicatarias ata tal punto que a propia audiencia nacional é quen decide iniciar unha profunda investigación sobre da adxudicación de medios aéreos por diverxas comunidades autónomas xa que este asunto afecta a unha considerable numero de comunidades autónomas e incluso países, como Portugal, Francia, Italia, chile e por suposto España.

Polo tanto este é un tema altamente preocupante xa que as empresas que investiga a audiencia nacional pactarían prezos entre elas para repartirse o pastel da adxudicación de medios aéreos do estado español, pero a nos o que nos preocupa a día de hoxe é Galiza, como moi ven sabe vostede a consellería ten metida unha demanda feita polo sindicato CIG no ano 2012 por prevaricación contra a anterior conselleira Rosa Quintana, contra o anterior secretario xeral técnico Francisco José Vidal Pardo e contra o anterior Director Xeral de montes Tomas Fernández Couto.

O curioso do asunto é que non so se contratan helicópteros senón que tamén se contratan brigadas a través da empresa Natutecnia subcontratada o mesmo tempo por Inaer.

Esta practica que, segundo a consellería acaeceu de forma excepcional pola proximidade da época de lumes naquel ano 2012, continua a día de hoxe pero estendéndose moito máis, quere dicir que os helicópteros son todos de Inaer e as brigadas helitransportadas son todas de Natutecnia, empresa que curiosamente fixo unha auditoría interna ó SPDCIF cunha pretensión clara de reducir o número de brigadas do servizo público, informe pagado pola propia administración,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 17:20
Nº Rexistro: 3470
Data envio: 16/01/2017 17:20:46.126

tamén curioso, e que a mesma empresa unha datas despois é contratada para levar brigadas helitransportadas do sector privado.

Unha análise profunda do informe do Tribunal de Contas detectou xa en anos anteriores que as consellerías de Medio Ambiente e Medio Rural cambiaron e improvisaron criterios de puntuación das ofertas presentadas a varios concursos cando xa se estaba producindo esa valoración.

É curioso que nos helicópteros e avións contratados por medio rural naquelas datas se valorara elementos non incluídos nos pregos de condicións, en cambio datos tan importantes como a cantidade da auga, ano de fabricación e matriculación, horas pendentes ata próxima inspección, potencia e peso máximo de despegue e a capacidade dos helibaldes non foron mellorados de forma importante, polo tanto valoráronse elementos que non estaban incluídos nos pregos de condicións, como por exemplo meses adicionais de prestación de servizo, horas adicionais de voo ou o coñecemento lingua española utilizáronse con elementos de mellora técnica vulnerando o artigo 86 del TLCAP, no informe técnico tamén se incluíu a oferta económica que corresponde a mesa de contratación.

Outra irregularidade do proceso correspondese coa inclusión da experiencia, inicialmente nos pregos de condicións técnicas incluíase que os pilotos debían contar cunha experiencia mínima de 500 horas, as empresas presentaron pilotos cunha experiencia e 300 horas polo tanto non cumprían as condicións técnicas. A adaptación dos pregos de condicións as circunstancias propias da empresa modificando o prego de condicións técnicas non se adecuou aos protocolos que fixa a axencia estatal de seguridade aérea en materia de navegación. Polo tanto este informe do tribunal de contas indica que nese período de contratación citado e curioso que a empresa Inaer Galicia SL fose a única empresa licitadora cunha oferta económica coincidente co presuposto de licitación aínda que a súa oferta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 17:20
Nº Rexistro: 3470
Data envio: 16/01/2017 17:20:46.126

técnica obtivo unha valoración preocupantemente baixa de so 12,2 puntos de un total de 60.

A actual distribución dos medios aéreos e as condicións técnicas dos mesmos merece un profundo análise, estamos percibindo un cambio substancial na principal ou nunha das principais funcións dun helicóptero de extincións de incendios que é o lanzamento de auga sobre o lume forestal. Percíbese perfectamente que xa nas condicións técnicas da capacidade dos helibaldes redúcese a cantidade de auga en 200 litros por aeronave, mais hai unha tendencia cada vez maior de contratar helicópteros lixeiros, tipo B3 que levan unha capacidade de auga de 900 litros. Estes helicópteros teñen unha vantaxe importante, que é que despegan moi rapidamente pero a tendencia constante desta consellería de reducir a carga dos helibaldes dos helicópteros non ten moito sentido debido á intensidade dos lumes que se producen na nosa terra, a eficacia extintora en lumes de alta intensidade que cada vez son mais frecuentes (lumes de cuarta e quinta rexeneración) con columnas convectivas de chamas de gran altura, que fai que a capacidade de extinción de descargas dos helibaldes cun volume de auga, ao noso parecer, escaso so produce un efecto de sufocación mais que de extinción. Como reseña quería remarcar que aínda que o número de lume redúcese de forma importante a superficie afectada por incendio é cada vez maior; por exemplo neste ano habendo pouco máis de 2000 incendios superáronse as 22.000 hectáreas cunha superficie media superior a 10 hectáreas por lume, polo tanto consideramos que o modelo deseñado pola consellería actualmente non é efectivo baseándose nos datos anterior mente citado, xa que nas peores épocas de 10.000 lumes ano a superficie queimada por lume era de de 2,6 hectáreas, para nos está claro que manter un sistema privado con empresas privadas de extinción con helicópteros con capacidades menores de descarga non supón un beneficio en canto a eficacia do sistema de extinción aérea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 17:20
Nº Rexistro: 3470
Data envio: 16/01/2017 17:20:46.126

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Polo todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Vai a Consellería de Medio Rural analizar con profundidade un cambio de modelo e de aeronave e voltar a contratar directamente pola Xunta de Galiza ao persoal a través das listas do Decreto de listas de contratación de persoal temporal, tal como se facía antes con resultados moito mellores?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 16/01/2017 17:19:41

David Rodríguez Estévez na data 16/01/2017 17:19:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 4974(10/PUP-000053)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas concretas que vai adoptar a Consellería do Medio Rural para conter e erradicar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:42
Nº Rexistro: 4974
Data envio: 13/02/2017 13:42:28.517

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, relativa ás medidas que prevé adoptar a Consellaría de Medio Rural para conter e eliminar a praga de couza guatemalteca.

Xustificación da urxencia

Perante a delimitación por orde da Xunta de 31 concellos en corentena fronte á couza guatemalteca e a incerteza entre produtores e distribuidores de pataca urxe explicacións por parte do Goberno.

O Goberno galego vén de publicar a través do DOG a relación de concellos, até 31, nos que se impón a corentena por mor da praga de couza guatemalteca. Unha situación que impide a recolleita de pataca nestas localidades ao tempo que aconsella paralizar novas plantacións.

A couza guatemalteca detectouse en 1999 nas Illas Canarias e xa se ten constancia dela na Galiza desde 2015 fixándose mesmo un plan de contención nos concellos de Ferrol, Narón e Neda ese ano. Así as cousas detectáronse novos focos na zona da Mariña que poñen en evidencia que ese plan non evitou a súa propagación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:42
Nº Rexistro: 4974
Data envio: 13/02/2017 13:42:28.517

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois da publicación do decreto no que se estabelece a corentena persoas dedicadas á agricultura e á distribución de pataca no noso país denuncian a falta de información e mesmo e descoordinación nas medidas a adoptar.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e deputadas asinantes, formula a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral ante o Pleno**, polo **trámite de urxencia**:

Que medidas concretas prevé adoptar a Consellaría de Medio Rural para conter e eliminar a praga de couza guatemalteca?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Noa Presas Bergantiños
Ana Belén Pontón Mondelo
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:42
Nº Rexistro: 4974
Data envio: 13/02/2017 13:42:28.517

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2017 13:40:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2017 13:40:15

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2017 13:40:21

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2017 13:40:23

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2017 13:40:29

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2017 13:40:31

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 5073(10/PUP-000055)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e 6 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coa presenza da praga de Tecia Solanivora ou couza guatemalteca que está a afectar a pataca

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 17:56
Nº Rexistro: 5073
Data envio: 13/02/2017 17:56:50.259

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento:

Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, José González Vázquez, Moisés Blanco Paradelo, Encarna Amigo Díaz, Silvestre José Balseiros Guinarte e Daniel Vega Pérez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Pleno**:

Xustificación da urxencia: a urxencia vén motivada pola necesidade de aclarar aos agricultores afectados as medidas postas en marcha para responder á praga da pataca.

Exposición de motivos:

O pasado 3 de novembro de 2015 o DOG Núm. 209, publicaba unha resolución do 16 de outubro do 2015 da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, pola que se declaraba a presenza da praga de corentena denominada Tecia solanivora Povolny, ou couza guatemalteca da pataca.

A Consellería do Medio Rural leva traballando dende 2015 no seguimento e control desta praga mediante accións informativas e desenvolvemento de accións directas para frear este problema, tales como medidas fitosanitarias, colocación de trampas para atrapar o insecto causante da praga, restricións ao movemento de pataca, establecemento de zonas de contención, etc.

Recentemente, publicouse no DOG unha resolución pola que se amplían as zonas demarcadas pola presenza desta praga da couza da pataca, sendo en total 31 municipios galegos os afectados por esta praga, correspondentes ás provincia da Coruña e Lugo.

En relación con este asunto, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte pregunta:

Que actuacións levou a cabo o goberno galego dende que se detectou a presenza da praga da pataca Tecia Solanivora e cales son as accións de futuro previstas neste eido?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 17:56
Nº Rexistro: 5073
Data envio: 13/02/2017 17:56:50.259

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Carlos Gómez Salgado na data 13/02/2017 17:54:23

Raquel Arias Rodríguez na data 13/02/2017 17:54:45

José González Vázquez na data 13/02/2017 17:54:56

Moisés Blanco Paradelo na data 13/02/2017 17:55:25

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/02/2017 17:55:35

Silvestre Balseiros Guinarte na data 13/02/2017 17:55:43

Daniel Vega Pérez na data 13/02/2017 17:55:50

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.02.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 5017(10/PUP-000054)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para controlar a praga de couza guatemalteca que está a afectar a pataca

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 16:53
Nº Rexistro: 5017
Data envio: 13/02/2017 16:53:21.635

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Partido dos Socialistas de Galicia

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola situación de incerteza e inseguridade que xera a falta de información sobre a praga da pataca que está a afectar á zona norte da nosa comunidade.

A pataca (*Solanum taberosum*) colleu carta de natureza nas nosas leiras a partir do século XIX e axudou notablemente na mantenza das familias do noso país, mesmo permitiu aguantar en mellores condicións os envites da fame. Desde esa época forman parte tanto da paisaxe como da dieta e tradición culinaria galega.

En 1999 detectouse por primeira vez a presenza da polilla guatemalteca (*Tecia solanivora*) nas Illas Canarias, e en 2015 detectase a súa presenza na zona de Ferrolterra, desde onde se expandiu a todos os concellos da Mariña lucense.

A día de hoxe, polas noticias que se coñecen, a praga está radicada no norte das provincias da Coruña e de Lugo, pero non hai elementos que nos dean seguranza da extensión da praga máis alá da zona indicada no norte da Coruña e Lugo.

De momento as grandes zonas de cultivo de pataca como A Limia e Bergantiños parece que están libres da presenza da praga ao igual que outra das zonas con IXP como é Lemos, pero non é menos certo que unha das zonas con IXP da pataca si está afectada, Terra Chá-Mariña lucense.

Á espera das medidas que se podan concretar no esperado decreto do Ministerio de Agricultura (por afectar a dúas comunidades autónomas) a Consellería ten posta en marcha unha corentena que prohibe a saída da pataca. Se ben é certo que o control de plantación e comercialización dos grandes e medianos produtores pode ser doado e efectivo, pero non é menos certo que existen milleiros de potenciais cultivadores para autoconsumo que fan case imposible o control sobre

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 16:53
Nº Rexistro: 5017
Data envio: 13/02/2017 16:53:21.635

o cultivo a pequena escala, e polo tanto do control da praga coa estratexia anunciada pola Consellería.

Diante da alarma suscitada pola presenza da polilla nas leiras do norte de Galicia, e sobre todo pola posibilidade da súa extensión ao resto do territorio e ás grandes zonas de cultivo para comercialización, estamos convencidos de que hai que avanzar tanto na diagnose como no xeito de tratamento desta praga.

Ante esta situación os deputados que asinan preguntan o Goberno galego:

Que medidas está a adoptar para controlar esta praga?

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 13/02/2017 16:50:27

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/02/2017 16:50:39

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es